

ADDENDA AOS PREGOS TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓNS MEDIANTE O PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA ADAPTALOS AOS PRINCIPIOS TRANSVERSAIS APLICABLES AO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Engádese un novo capítulo, que se incorporará aos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares da Universidade da Coruña (UDC) para adaptar os mesmos aos principios transversais aplicables ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como aqueles aspectos específicos da Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, en todos aqueles expedientes de contratación cuxa financiamento se efectúe a través dos diversos fondos que conforman a dotación do Instrumento de Recuperación.

En caso de discrepancia entre os contidos da presente addenda e dos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións mediante o procedemento aberto simplificado, prevalecerán as cláusulas contidas neste capítulo VI.

CAPÍTULO VI. PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

27. Réxime xurídico

Ademais do indicado na cláusula 1 dos presentes pregos tipo, o contrato rexeráse polo Real Decreto Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; pola Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; pola Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que proporcionan as entidades do sector público estatal, autonómico e local para seguir o cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do plan, e por cantas normas de desenvolvemento se aproben, no que resulte aplicable a este procedemento.

Así mesmo, o contrato estará en todo caso suxeito ás obrigas en materia de comunicación; controis da Comisión Europea, a Oficina de Loita Antifraude, o Tribunal de Contas europeo e a Fiscalía europea e o dereito destes órganos ao acceso á información sobre o contrato, en especial para evitar a fraude, o favoritismo, a corrupción e o dobre financiamento; así como ás normas sobre conservación da documentación, de acordo co que dispón o artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xullo de 2018 sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión.

28. Financiamento

Financiamento con cargo a fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea – Next GenerationEU – establecido polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14/12/2020, polo que se establece un instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras as crises da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12/02/2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU.

Código Seguro De Verificación	qmSubNLraYVL4FWU3P9/xA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	09/05/2024 08:55:04
	Xefe/a de servizo - Asesoría Xurídica - Secretaría Xeral - María Pilar Olmo Bosco	Asinado	08/05/2024 14:01:09
Observacións		Páxina	1/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/qmSubNLraYVL4FWU3P9/xA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



29. Compoñente e investimento

O compoñente e o investimento son os establecidos no prego de prescricións técnicas correspondente.

30. Fitos e obxectivos

Os fitos e obxectivos son os establecidos no prego de prescricións técnicas correspondente.

A empresa contratista e subcontratista deberán facilitar, en tempo e forma, a información que lles sexa requirida para acreditar o cumprimento dos fitos e obxectivos fixados. A non entrega dos informes de seguimento solicitados, así como a entrega incompleta, fóra de prazo ou sen respectar as especificacións do presente prego e do prego de prescricións técnicas, poderá ser considerada como causa de incumprimento.

En caso de incumprimento polo contratista dos fitos e obxectivos establecidos, o órgano de contratación impondrá a penalidade definida na cláusula 38 deste capítulo.

Esta obrigación, poderá ter carácter de obrigación contractual esencial, para os efectos sinalados na letra f) do artigo 211 LCSP, sendo o seu incumprimento causa de resolución contractual, segundo indíquese na cláusula 41 deste capítulo.

31. Etiquetado verde e etiquetado dixital e principio de non causar dano significativo ao medio ambiente (DNSH)

A empresa contratista e os subcontratistas estarán obrigados a cumprir cos compromisos en materia de etiquetaxe verde e dixital, así como pola aplicación do principio de non causar dano significativo ao medio ambiente (*Do not significant harm*, DNSH) establecidos no prego de prescricións técnicas.

En caso de incumprimento polo contratista ou subcontratistas das obrigacións establecidas, o órgano de contratación impondrá a penalidade definida na cláusula 38 deste capítulo.

Establécese como causa de modificación do contrato a orde da autoridade responsable para adoptar medidas correctoras, tanto en materia de DNSH, como en materia de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital.

32. Conflito de intereses, fraude e corrupción

A este contrato élle de aplicación o Plan de medidas antifraude da Universidade da Coruña aprobado polo Consello de Goberno o 25/01/2022.

O Plan de medidas antifraude da Universidade da Coruña é de aplicación e obrigado cumprimento para o persoal, provedores e contratistas da UDC, que directa ou indirectamente teñan relación cos proxectos e subproxectos que se financian con fondos do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Para o efecto, o adxudicatario deberá presentar, previamente á formalización do contrato, compromiso de adhesión ao Plan de medidas antifraude da Universidade da Coruña aprobado polo Consello de Goberno o 25/01/2022, conforme ao modelo que figura como **Anexo NG-1**.

Código Seguro De Verificación	qmSubNLraYVL4FWU3P9/xA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	09/05/2024 08:55:04
	Xefe/a de servizo - Asesoría Xurídica - Secretaría Xeral - María Pilar Olmo Bosco	Asinado	08/05/2024 14:01:09
Observacións		Páxina	2/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/qmSubNLraYVL4FWU3P9/xA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Esta obrigación ten o carácter de obrigación esencial, para os efectos do previsto na letra f) do apartado 1 do artigo 211 LCSP, polo que a súa omisión previa á formalización será causa de exclusión da licitación e o incumprimento do declarado durante a execución do contrato será causa de resolución do contrato.

33. Declaración de ausencia de conflito de intereses

Todos os intervenientes nas diferentes fases do contrato terán a obrigación de cubrir a Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI), que se irán incorporando ao expediente de contratación.

O adxudicatario deberá presentar, previamente á formalización do contrato, unha DACI, conforme ao modelo do plan antifraude da UDC que figura como **Anexo V1**.

Esta obrigación ten o carácter de obrigación esencial, para os efectos do previsto na letra f) do apartado 1 do artigo 211 LCSP, polo que a súa omisión previa á formalización será causa de exclusión da licitación e o incumprimento do declarado durante a execución do contrato será causa de resolución do contrato.

Esta DACI será igualmente esixida a todos os subcontratistas que participen na execución do contrato, previamente á formalización do correspondente contrato.

En caso de incumprimento polo contratista e/ou subcontratista da obrigación de presentar a DACI, o órgano de contratación impondrá a penalidade definida na cláusula 38 deste capítulo.

34. Obrigas de información

O adxudicatario e subcontratistas deberán presentar, previamente á formalización do contrato, declaración responsable coa seguinte información:

- NIF do contratista ou subcontratistas
- Nome ou razón social
- Domicilio fiscal do contratista e, de ser o caso, subcontratistas
- A información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos (persoa ou persoas físicas que teñan a propiedade ou o control en último termo do cliente ou a persoa ou persoas físicas por conta das cales leve a cabo unha transacción ou actividade): nome do destinatario dos fondos, de ser o caso, data de nacemento, en concepto de axudas ou pola condición de contratista e subcontratista.
- Aceptación da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para cumprir o previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, conforme ao modelo do plan antifraude da UDC que se acompaña como **Anexo V.2**.
- Declaración responsable relativa ao cumprimento dos principios

Código Seguro De Verificación	qmSubNLraYVL4FWU3P9/xA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	09/05/2024 08:55:04
	Xefe/a de servizo - Asesoría Xurídica - Secretaría Xeral - María Pilar Olmo Bosco	Asinado	08/05/2024 14:01:09
Observacións		Páxina	3/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/qmSubNLraYVL4FWU3P9/xA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



transversais establecidos no Plan de recuperación, transformación e resiliencia e que puidesen afectar ao ámbito obxecto de xestión, conforme ao modelo do plan antifraude da UDC que se acompaña como **Anexo V.3**.

- g) Acreditación da inscrición no censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

En caso de incumprimento polo contratista e/ou subcontratista destas obrigacións, o órgano de contratación imporá a penalidade definida na cláusula 38 deste capítulo.

35. Acceso á información e conservación desta

Este contrato está suxeito aos controis da Comisión Europea, a Oficina de Loita Antifraude, o Tribunal de Contas Europeo e a Fiscalía Europea. Estes órganos teñen dereito de acceso á información do contrato, polo que o contratista e subcontratista están obrigados a proporcionala.

Así mesmo, débense cumprir as normas sobre conservación da documentación, de acordo co que dispón o artigo 132 do Regulamento (UE, Euroatom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xullo de 2018 sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión.

En caso de incumprimento polo contratista e/ou subcontratista destas obrigacións, o órgano de contratación imporá a penalidade definida na cláusula 38 deste capítulo.

36. Obrigas en materia de comunicación

O contratista e subcontratista están obrigados a cumprir os compromisos en materia de comunicación, encabezamentos e logotipos que contén o artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e que se concretan:

As actuacións de comunicación relacionadas coa execución do plan incorporarán o logotipo oficial do Plan de recuperación, transformación e resiliencia do Reino de España, nos termos que comunique a autoridade responsable. Os logotipos e emblemas que se incluírán en toda a documentación relacionada cos expedientes financiados con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia están dispoñibles en <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>.

- a. Cando se mostre en asociación con outro logotipo, o emblema da Unión Europea deberase mostrar polo menos de forma tan prominente e visible como os outros logotipos. O emblema debe permanecer distinto e separado e non se pode modificar engadindo outras marcas visuais, marcas ou texto. Á parte do emblema, non se poderá utilizar ningunha outra identidade visual ou logotipo para destacar o apoio da UE.
- b. Calquera actividade de comunicación ou difusión relacionada co MRR e realizada polo Estado membro, en calquera forma e por calquera medio, deberá utilizar información fidedigna.

Código Seguro De Verificación	qmSubNLraYVL4FWU3P9/xA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	09/05/2024 08:55:04
	Xefe/a de servizo - Asesoría Xurídica - Secretaría Xeral - María Pilar Olmo Bosco	Asinado	08/05/2024 14:01:09
Observacións		Páxina	4/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/qmSubNLraYVL4FWU3P9/xA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Cando cumpra, indicárase a seguinte cláusula de exención de responsabilidade: «Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU. Con todo, os puntos de vista e as opinións expresadas son unicamente os do autor ou autores e non reflicten necesariamente os da Unión Europea ou a Comisión Europea. Nin a Unión Europea nin a Comisión Europea poden ser consideradas responsables destas».

En caso de incumprimento polo contratista e/ou subcontratista destas obrigacións, o órgano de contratación impondrá a penalidade definida na cláusula 38 deste capítulo.

37. Modificacións

No caso de contratos financiados con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, considéranse posibles modificacións previstas, motivadas pola necesidade de modificación dos requisitos especificados, por mor de cambios normativos que impliquen características/condicións diferentes, relativos ao plan.

Será causa de modificación do contrato a orde da autoridade responsable para adoptar medidas correctoras en materia de DNSH e etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital.

38. Penalidades

No caso de incumprimento ou cumprimento defectuoso polo contratista dos compromisos adquiridos con base nas obrigacións establecidas no presente capítulo do prego, procederá o órgano de contratación conforme ao previsto nos artigos 192 a 195 LCSP, imponse as penalidades que se especificarán no anexo XI. Estas penalidades deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total destas superar o 50 por cen do prezo do contrato.

39. Sistema de seguimento do contrato

A empresa contratista deberá designar un interlocutor único coa Administración no ámbito do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Para o debido control e seguimento por parte da Administración do cumprimento dos principios transversais aplicables ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, a empresa contratista deberá achegar toda a documentación que lle sexa requirida neste ámbito.

40. Formalización do contrato

Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación, a formalización non se poderá efectuar antes de que transcorran os dez días naturais desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores.

41. Causas de resolución

Son causas de resolución do contrato relacionadas co Plan de recuperación, transformación e resiliencia:

1. O incumprimento dos fitos e obxectivos.

Código Seguro De Verificación	qmSubNLraYVL4FWU3P9/xA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	09/05/2024 08:55:04
	Xefe/a de servizo - Asesoría Xurídica - Secretaría Xeral - María Pilar Olmo Bosco	Asinado	08/05/2024 14:01:09
Observacións		Páxina	5/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/qmSubNLraYVL4FWU3P9/xA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



2. O incumprimento das obrigacións establecidas no Plan de medidas antifraude da Universidade da Coruña.
3. O incumprimento da presentación da Declaración de ausencia de conflitos de intereses por parte do contratista e, de ser o caso, subcontratistas.
4. O incumprimento reiterado das obrigacións respecto dos principios transversais aplicables do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

42. Recursos

De acordo co capítulo V do libro I da LCSP, os suxeitos lexitimados activamente para iso segundo o artigo 48 LCSP, nos supostos previstos no artigo 44 LCSP, poderán, con carácter potestativo, interpor recurso administrativo especial en materia de contratación previo ao contencioso-administrativo, no prazo de 10 días naturais, nos termos previstos no artigo 58 do RD-Lei 36/2020 e computarase na forma establecida no artigo 50.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

O órgano competente para coñecer do recurso será o Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia (TACGAL), que haberá de se pronunciar expresamente, no prazo de cinco días hábiles desde a interposición do recurso, sobre a concorrencia dalgunha das causas de inadmisibilidade establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro e sobre o mantemento das medidas cautelares adoptadas, incluídos os supostos de suspensión automática.

Código Seguro De Verificación	qmSubNLraYVL4FWU3P9/xA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	09/05/2024 08:55:04
	Xefe/a de servizo - Asesoría Xurídica - Secretaría Xeral - María Pilar Olmo Bosco	Asinado	08/05/2024 14:01:09
Observacións		Páxina	6/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/qmSubNLraYVL4FWU3P9/xA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO NG-1

Modelo de declaración responsable de adhesión ao Plan de medidas antifraude da Universidade da Coruña

Don/Dona, con DNI, como conselleiro delegado/xerente da entidade, con NIF e domicilio fiscal en que participa como contratista/subcontratista no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no compoñente declara/n coñecer e que se compromete/n a cumprir o Plan de medidas antifraude da Universidade da Coruña (aprobado en Consello de Goberno de 25/01/2022).

Calquera acción contraria ao mesmo será obxecto de inicio dun expediente e, no seu caso, da posta en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto por este Servizo na dirección web seguinte:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx>

e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 3 de abril, do citado Servizo.

....., de 20.....

Asdo.:

Cargo:

Código Seguro De Verificación	qmSubNLraYVL4FWU3P9/xA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	09/05/2024 08:55:04
	Xefe/a de servizo - Asesoría Xurídica - Secretaría Xeral - María Pilar Olmo Bosco	Asinado	08/05/2024 14:01:09
Observacións		Páxina	7/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/qmSubNLraYVL4FWU3P9/xA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

